

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Co motivo da conmemoración, o vindeiro 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a Deputación de Lugo quere expresar o seu firme compromiso coa loita contra os asasinatos e agresións machistas e coa mudanza dos elementos estruturais que as xeran e perpetúan, a súa solidariedade e apoio ás vítimas e ás súas familias, e o seu respaldo institucional para impulsar o conxunto de medidas recollidas no Pacto de Estado en Materia de Violencia de Xénero e promover calquera outra medida de modificación ou mellora que continúe avanzando no mesmo.

Cada muller asasinada cuestiónanos como sociedade. Son persoas ás que se lles arrebatou a súa vida só polo feito de ser mulleres. Son tamén fillos e fillas orfas, familias e amigos e amigas desfeitos pola dor.

Como representantes institucionais, temos a obriga de redobrar os nosos esforzos na loita para erradicar a violencia machista en todas as súas formas. Un problema que, aínda hoxe, algúns tratan de negar ou disimular baixo unha suposta e xenérica “violencia familiar” ou “intrafamiliar”. Alto e claro rexeitamos este nefasto revisionismo. Existe un problema social de violencia contra as mulleres. A realidade demóstrao. E quen o nega ou ignora dálle un novo pulo aos agresores, porque lles transmite a mensaxe de que a súa conduta é menos grave ou mesmo socialmente aceptable.

Na última década, máis de 6.000 mulleres lucenses presentaron denuncias por violencia machista. Temos que seguir xerando mecanismos que garantan o anonimato e a protección das denunciantes, como o teléfono 016 e o 900 400 273. Temos que impulsar a formación de xénero na xudicatura e noutros colectivos profesionais dos servizos e administracións públicas para detectar situacións de violencia e facilitar unha avaliación axeitada do risco potencial no que se atopan as vítimas para facilitar unha avaliación axeitada do risco potencial das situacións. Precisamos medios para facer efectivos os mecanismos de afastamento do agresor en canto se detecte a primeira mostra de violencia, acondicionar os espazos xudiciais para evitar a revictimización das mulleres e mellorar a rede de Puntos de Encontro Familiar.

Como sociedade e como institucións, non podemos consentir que haxa mulleres privadas dos seus dereitos e liberdades. E temos que impulsar os

mecanismos de cambio social que modifiquen pautas de conduta machista enraizada na sociedade. O fomento da igualdade pasa pola educación, que se converte tamén na mellor ferramenta de prevención. Unha educación en igualdade de nenos e nenas, rexeitando os roles tradicionais, os estereotipos e calquera manifestación que promova a submisión da muller, menoscabe os seus plenos dereitos ou tente colocala nunha posición de inferioridade ou dependencia.

Por todo iso, a Deputación de Lugo comprométese a incrementar a perspectiva de xénero en todas as súas actuacións e a demandar un marco normativo estatal que recoñeza como violencia de xénero as agresións sexuais fóra do ámbito da parella e que non supedite a protección ás vítimas a unha denuncia xudicial, na liña marcada pola Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero de 2007 e no Convenio de Istambul ratificado por España en 2014. Así mesmo, comprométese a traballar, en colaboración co resto de administracións, para incrementar os medios e os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia de xénero.